



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP SANTA IRENE

Campo de Santa Irene s/n
15970-PORTO DO SON
A CORUÑA
881866852 -dirección-
881866853 -secretaría- ■ 881866855
881866854 -conserxería-
ceip.santairene@edu.xunta.es

Programa de acollida

Novas normas de organización e funcionamento do centro.

ENTRADAS E SAÍDAS

- ENTRADA PRIMARIA E ALUMNADO TRANSPORTADO

Abriñanse as portas de 08.30 a 08.45 para que o alumnado de primaria vaia entrando ao centro(non se permite quedar no patio)

O alumnado transportado accederá ao centro pola porta principal e irá directamente ás aulas (agás o alumnado transportado de infantil que agardará coa mestra de garda na biblioteca para acudir a súa aula)

O resto do alumnado accederá ao centro polo portalón.

1º e 2º accederán ao interior do edificio pola porta lateral e irán directamente ás aulas e 3º,4º, 5º e 6º accederán ao interior pola rampla da porta principal e irán directamente ás aulas.

*Non se permite a entrada con acompañantes.

* O alumnado con mobilidade reducida accederá ao centro pola porta principal e pola rampla directamente á súa aula.

- ENTRADA INFANTIL

O alumnado de infantil poderá acudir acompañado dun adulto (sempre con máscara).

Realizarán a entrada por quendas accedendo pola porta principal e ocupando os espazos sinalados no patio cuberto para manter a distancia de seguridade.

Ás 8.35 entrada de 5 anos

Ás 8.40 entrada 4 anos

As 8.45 entrada 3 anos.

- **SAÍDA PRIMARIA E ALUMNADO TRANSPORTADO**

Tocarase o timbre ás 13.35, para facilitar a saída do alumnado.

O alumnado sairá acompañado polo mestre/a que teña clase con eles á última sesión, ordenadamente e mantendo a distancia de seguridade.

A saída realizarase pola porta principal, o alumnado transportado seguirá o carril habilitado para tal fin e o resto sairá pola rampla ata o portalón.

- **SAÍDA INFANTIL**

O alumnado de infantil realizará a saída escalonada:

3 anos 13.30, 4 anos 13.35 e 5 anos 13.40.

O adulto/a que acuda a recollelo terá que esperar no patio cuberto, gardando a distancia de seguridade nos lugares habilitados para tal fin.

- O alumnado transportado de Educ. Infantil, agardará na biblioteca(cunha mestra de garda) nas entradas e saídas.
- **Non se permite(agás infantil) a entrada de pais/nais ao centro nas entradas e saídas.**

As familias que así o desexen poderán firmar un consentimento (baixo a súa responsabilidade) para que o seu fillo/a marche só/soa para a casa (comezarse coa saída á 13.45).

Ás 8.55 pecharanse as portas e non se poderá acceder ao centro ata a seguinte sesión, ás 9.35 (salvo cita médica ou deber inexcusable).

EQUIPO COVID

O equipo covid será o responsable de manter informada á comunidade educativa e velar polo cumprimento das normas.

Empregaranse como canles oficiais a web do centro e a APP Abalarmobil.

GRUPOS ESTABLES

Cada un dos grupos-aula funcionan como grupos estables de convivencia e non se permite que interactúen uns grupos con outros.

No patio cada grupo ten a súa parcela diferenciada.

Actuacións de prevención, hixiene e protección

Seguirase o establecido no PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID19, PARA O CURSO 2020/2021.

A DESTACAR:

- Uso obrigatorio da máscara a partir dos 6 anos. Alcol
- Colocación en tódolos espazos de papeleira con pedal, xel hidroalcólico, desinfectante e panos desbotables.
- Entradas e saídas diferenciadas por niveis.
- Comunicacións vía telemática sempre que sexa posible.

Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Durante o mes de setembro tódolos titores/as adicarán un tempo semanal a formar ao alumnado no uso da aula virtual.

Tendo en conta que o centro só dispón de 11 ordenadores para todo o alumnado é moi probable que o tempo de preparación co alumnado e a aula virtual sexa moito máis do esperado.

Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

O colexio é un lugar de encontros, intercambios e aprendizaxe.

A situación actual e a burocracia esixida limitan a labor docente e converten ao noso alumnado en números delimitados por espazos estancos.

Todo o claustro do CEIP Santa Irene está comprometido cun ensino aberto, democrático e tolerante, e iso será o que continuemos facendo na medida dos límites que impón a pandemia e a Administración.